



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

# RELATÓRIO DE ORGANIZACIÓN V CONGRESO NACIONAL DA CIG- SERVIZOS

(COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

**V CONGRESO NACIONAL**

CIG-Servizos · Compostela, 10 de abril de 2010

**OBREIRA É A NOSA CLASE,  
GALEGA É A NOSA LINGUA**



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

**Non ao recorte dos dereitos laborais**



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

# RELATORIO DE ORGANIZACIÓN PARA O V CONGRESO NACIONAL DA CIG-SERVIZOS

(COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

## 1º.- LIMIAR

---

Temos máis que valorado e analizado en todos os Congressos realizados até a data na CIG SERVICIOS da complexidade da nosa Federación, e das enormes dificultades coas que nos atopamos á hora de organizar o noso traballo sindical e dotarmonos de coerencia nacional e maior eficacia. O grande número de sectores organizados, o feito de ter que negociar e atender máis de 200 Convénios Colectivos, a acción sindical nunha Federación dominada pola precariedade laboral e a grande conflitividade, a falta de recursos, as necesidades de medios e liberacións para atender á nosa estrutura, etc., formaron parte de todos os anteriores Relatórios de Organización, de xeito que xa son a nosa realidade diaria.

Este Relatorio de Organización non pretende ser un novo resumo da complexidade da CIG SERVICIOS que xa coñecemos e temos debatido. Pretende, pola contra, valorar os pasos dados nestes últimos catro anos, recoñecer e seguir os dados na boa dirección, e corrixir os que se teñen demostrado como ineficaces e errados.

Só cunha moi boa organización, e cunhas liñas marcadas claramente seremos capaces de que a CIG SERVICIOS non sexa un monstro de enormes dimensións pero que camiña sen rumbo e dirixida pola conflitividade do momento, tarefa que como xa sabemos non é nada doada. O espectacular medre experimentado nestes catro anos, tanto nas eleccións sindicais, como en afiliación, combatividade e conflitividade, son unha mostra da potencialidade da Federación, pero podemos afofarnos no propio medre.

A CIG SERVICIOS pode e debe ser un referente no conxunto da Central Sindical en canto a traballo sindical e obtención de resultados. A día de hoxe xa somos a primeira Federación, tanto en número de afiliados e afiliadas como en delegados e delegadas. Somos, tamén, a Federación que máis conflitos xera e resolve, somos os que mellor sabemos combatir a precariedade, xa que vivimos no medio dela. Igualmente, a participación da afiliación e a solidariedade nos conflitos dos nosos delegados e delegadas e militantes é un modelo para a



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 CIG. Ben organizados e coordinados, seremos capaces no 2014 de falar dunha Federación que  
2 ronde os 18000 afiliados e afiliadas, ser a primeira forza sindical e un exemplo de  
3 combatividade e loita para todo o País. Capacidade para facelo temos.

## 4 5 **2º.- DO FUNCIONAMENTO DOS ORGANISMOS NACIONAIS**

---

6  
7 Nestes últimos catro anos fomos capaces de manter a periodicidade das xuntanzas dos  
8 organismos nacionais, a diferenza do acontecido con anterioridade. Sen embargo, o feito de  
9 termos convocado as xuntanzas non foi garantía de que os organismos funcionaran coa  
10 normalidade requirida. Retrasos e falta de sistematicidade na convocatória das xuntanzas,  
11 retrasos na elaboración das actas, e sobre todo, unha pésima participación nos organismos  
12 nacionais inviabilizaron moitas xuntanzas, até o punto de ter que suspender máis de cinco  
13 xuntanzas nacionais por falta dun quorum mínimo para celebrala. Como norma habitual, os  
14 organismos reunense coa metade dos seus compoñentes, sen que as inasistencias se  
15 xustificuen en moitas ocasións.

16  
17 É máis que preciso que os novos organismos se constitúan con compañeiros e  
18 compañeiras que teñan unha maior vontade e compromiso de participación nos organismos  
19 nacionais. Se a CIG SERVICIOS é unha Federación moi complexa e require de moito esforzo  
20 organizativo, se a dirección non participa das xuntanzas dificilmente se pode chegar a acordos  
21 que despois se cumpran. Se o peso recae escasamente en dúas ou tres persoas, o seu  
22 voluntarismo só vai levar a querer encargarse de todo e non facer nada. Debe ser un claro  
23 compromiso deste V Congreso elixir unha dirección comprometida coa Federación, e debe ser  
24 outro acordo o establecido estatutariamente en canto á non xustificación da non asistencia ás  
25 xuntanzas.

26  
27 En canto ao funcionamento dos organismos, debemos potenciar ao Secretariado  
28 Nacional en detrimento das Executivas Nacionais. A participación das comarcas na toma de  
29 decisións implica necesariamente unha maior participación na coordinación nacional. Non se  
30 trata de eliminar as xuntanzas da Executiva Nacional, pero si de ter máis xuntanzas do  
31 Secretariado. En canto ao Consello Nacional, compre que este teña unha dimensión axeitada  
32 para facer as xuntanzas viábeis e non irmonos a un organismo de cerca de 100 persoas.

33  
34 Temos igualmente que avanzar na liña de dotar á CIG SERVICIOS dun corpo mínimo de  
35 liberados e liberadas a nivel nacional, e que empreguen esa liberación nacional a realizar



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 traballo de carácter nacional. A maiores da Secretaria nacional, debemos consolidar que cando  
2 menos as áreas de Organización e Negociación Colectiva estean cubertas por compañeiros e  
3 compañeiras que adiquen unha parte do seu tempo a este traballo. Sen esta aportación é  
4 imposible que a Federación funcione, xa que unha soa persoa non dá nen de lonxe a día de  
5 hoxe atendido as demandas que a CIG SERVICIOS xera.

6  
7 O traballo a nivel nacional non debe supoñer nunca unha intromisión no normal  
8 funcionamento das estruturas comarcais, sobre as que recae a iniciativa e toma de decisións na  
9 negociación colectiva, acción sindical e eleccións sindicais. As tarefas nacionais son as de  
10 coordinar a actividade da CIG SERVICIOS, establecer liñas xerais de traballo, e axudar no cotiá  
11 do Sindicato. Debe ser a estrutura nacional quen unifique a nosa actuación sindical, e para iso o  
12 fundamental é a información e o coñecemento por parte de todas as estruturas comarcais do  
13 que fan o resto. Os exemplos e a visualización disto son fáciles de poñer. Unha estrutura  
14 comarcal que vaia a negociar un Convénio, debe saber que posicións mantivo a CIG noutra  
15 provincia nesa mesma negociación do seu ámbito. Unha estrutura comarcal debe saber que  
16 problemas ten outra estrutura comarcal cunha empresa que está presente en ambas comarcas,  
17 e debe poder contar con delegados e delegadas desa mesma empresa e coa súa información  
18 cando son as eleccións sindicais. Algo nese camiño temos andado, pero queda moito por facer.  
19 E isto non só acontece na negociación colectiva e nas eleccións sindicais. Tamén coa  
20 organización da Federación na comarca, cos problemas de baixas na afiliación, coas finanzas,  
21 coa nova lexislación laboral, etc.

22  
23 Aínda que poida parecer de sentido común, será un gran logro sermos capaces de ter  
24 uns organismos nacionais que sexan capaces de coordinar a todas as comarcas e unificar os  
25 nosos criterios de actuación co coñecemento do que acontece a nivel nacional. Resolver este  
26 problema suporá ter unha boa parte da actual desorde organizativa resolta.

### 27 28 **3º.- DO FUNCIONAMENTO DOS ORGANISMOS COMARCAIS**

---

29 Neste ámbito fomos capaces tamén nestes últimos catro anos de dar pasos efectivos de  
30 cara a un normal funcionamento. Por primeira vez na historia da CIG SERVICIOS todas as  
31 comarcas se constituiron, e todas o fixeron segundo os criterios acordados estatutariamente.  
32 Falta neste ámbito dotar a estas comarcas constituídas dun funcionamento regular dos  
33 organismos en toda Galiza, algo que actualmente non acontece, e deste xeito acadar a  
34 coordinación organizativa entre as diferentes estruturas.  
35  
36



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 O feito de que os organismos comarcais manteñan unha periodicidade nas suas  
2 xuntanzas debe ser un obxectivo básico. Só deste xeito podemos garantir que os debates dos  
3 organismos nacionais teñan unha traslación práctica e efectiva á realidade das comarcas. Non  
4 se trata tanto de manter xuntanzas mecanicistas tanto como de que os debates nacionais se  
5 trasladen e ao mesmo tempo desde as comarcas se propoñan temas de debate a nivel nacional.

6  
7 A día de hoxe desde a CIG SERVICIOS seguimos sen ser capaces de dotarmonos dunha  
8 práctica participativa da afiliación tal e como nos gustaria, e como temos falado e proposto nos  
9 organismos nacionais. Esta incapacidade non é desde logo produto dunha vontade, senón da  
10 imposibilidade práctica derivada da excesiva carga de traballo. No IV Congreso Nacional o  
11 Relatorio de Organización indicaba que *"sería un grande salto cualitativo neste período sermos  
12 capaces de levar a cabo nas comarcas a celebración de asembleas anuais de afiliados e  
13 afiliadas, nas cales estes e estas poidan participar na valoración do traballo sindical efectuado e  
14 aportar novas ideas na súa planificación a ter en conta polas Executivas Comarcais"*.

15  
16 O certo é que non fomos capaces de implantar esta dinámica nas Comarcas, e isto non  
17 se debeu a unha reponsabilidade ou decisión concreta, senón á falta de capacidade. Sen ser tan  
18 ambiciosos como no IV Congreso, non podemos esquecer este obxectivo, e temos que ter en  
19 consideración esta idea para tentar levala á práctica nos vindeiros catro anos. Estamos certos  
20 que coa liña de traballo sindical no que esta Federación cre, este obxectivo é realizábel a medio  
21 prazo. Sobre as estruturas comarcais, as que realmente manteñen un contacto directo coa  
22 afiliación, recae o peso de facer da CIG SERVICIOS un Sindicato de Clase, Combativo e  
23 Participativo.

#### 24 25 **4º.- DA ORGANIZACIÓN NAS ELEIÇÕES SINDICAIS**

---

26  
27 Cando comezaron as pasadas eleccións sindicais, unha vez rematado o IV Congreso da  
28 CIG SERVICIOS, a nosa Federación apostou por incrementar cuantitativamente o persoal á  
29 disposición da Federación de cara a garantir un bó resultado nestas. O certo é que, e facendo  
30 uso das finanzas da Federación, dispuxemos dun liberado por enriba dos rátios para cada  
31 comarca, e tendo polo tanto unha estrutura moi superior a de outras ocasións. O certo é que a  
32 estratexia foi acertada, e obtivemos un incremento porcentual de máis do 5%, convertíndonos  
33 por primeira vez na segunda forza sindical e practicamente parellos á porcentaxe obtida polo  
34 conxunto da Central Sindical. O noso incremento aportou máis dun 1% ao de toda a CIG, e  
35 fomos peza clave na consecución do segundo posto como Central Sindical Nacional.



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 Sen embargo, o modelo empregado é máis que cuestionábel, na medida en que o noso  
2 obxectivo non é meramente facer delegados e delegadas e que estes só sirvan para cómputo.  
3 Para nós é fundamental que teñamos unha estrutura capaz de actuar sindicalmente con estes  
4 delegados e delegadas recén eleitas. Neste sentido, desde a CIG SERVICIOS impulsamos un  
5 cambio na estratexia, consistente en priorizar termos o maior número de plantilla estábel en  
6 todas as comarcas, na vez de contratar persoal para o ano e medio que duran as eleccións  
7 sindicais. Así incrementamos as contratacións de liberados e liberadas, de xeito que a día de  
8 hoxe contamos cun mínimo de dúas persoas en todas as comarcas, unha vez unificadas Lugo e  
9 A Mariña. Isto supón tamén que nestas vindeiras eleccións sindicais non imos dispoñer de  
10 axentes eleitorais para todas as comarcas, e estas van ter que facer as eleccións coa actual  
11 estrutura, agás a comarca de Lugo que foi a única á cal non se lle adiantaron rátios.

12  
13 Desde a CIG SERVICIOS entendemos que a actual dimensión das contratacións vai  
14 permitir que atendamos as eleccións en boas condicións de cara a ter un bó resultado. É  
15 importante tamén que consolidemos a coordinación entre comarcas, nomeadamente nas que  
16 que coinciden nun mesmo ámbito provincial, e deste xeito deberán constituírse comisións de  
17 coordinación provinciais. Tamén debemos reforzar o apoio entre comarcas coa participación de  
18 delegados e delegadas eleitas nas eleccións das súas empresas noutras provincias. Está máis  
19 que demostrado a súa capacidade de incidencia, e fai que como Central Sindical teñamos un  
20 moito mellor discurso e máis efectivo á hora de poder montar candidaturas.

## 21 22 **5º.- DA ORGANIZACIÓN NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

---

23  
24 O apartado de negociación colectiva é sen dúbida o máis complexo dentro da CIG  
25 SERVICIOS, e no que é máis necesario que exista unha boa organización. Ter que negociar máis  
26 de 200 convénios colectivos e facelo con criterio e coherencia é, como se nos ten demostrado en  
27 numerosas ocasións, algo moi complicado. Nestes últimos catro anos temos dado pasos  
28 efectivos de cara a ter unha maior coordinación e efectividade. O recente exemplo do Comercio  
29 Alimentación, no que fomos capaces de facer coincidir no tempo as mobilizacións en dúas  
30 provincias con dous convenios diferentes, convocar folga ao mesmo tempo, e darlle unha saída  
31 conxunta (aínda que non cumprira as nosas expectativas), abre un camiño que desde a CIG  
32 SERVICIOS entendemos debemos seguir e mellorar.

33  
34 A estes efectos, e dependendo do ámbito territorial de negociación, propoñemos as  
35 seguintes pautas á hora de marcar os criterios de negociación :



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

- 1
- 2 - Convénios de ámbito estatal : A responsabilidade de coordinar a negociación recae na
- 3 Executiva Federal Nacional. Esta debe valorar a necesidade de asistir ou non, e para iso
- 4 debe contar coa opinión dos afiliados e afiliadas do sector e o criterio de interese
- 5 sindical. A estes efectos, entendemos que á negociación estatal débese asistir só nos
- 6 casos estritamente necesarios. O elevado custo de viaxar a Madrid, e o carácter teatral
- 7 e fraudulento destas xuntanzas non xustifica en moitos casos asistir para obter uns
- 8 resultados mínimos. O tempo demostra que a nosa presenza repercute pouco
- 9 (exceptuando determinados casos), e apenas vale para que os e as delegadas que
- 10 participen se dean conta da fraude deste tipo de mesas. No caso de participar, unha
- 11 persoa da Executiva Nacional coordinará a negociación, remitindo información a todas
- 12 as comarcas, e convocando xuntanzas nacionais periódicas de delegados e delegadas
- 13 para decidir as nosas posicións na Mesa de Negociación.
- 14
- 15 - Convénios de ámbito galego : A responsabilidade e a organización desta negociación é
- 16 análoga á definida na negociación de ámbito estatal. Non ten nen que dicir que é a nosa
- 17 máxima aspiración negociadora, e debemos afondar neste ámbito, establecendo
- 18 convénios galegos naqueles sectores sen convénios de referencia, antes de abrir novos
- 19 marcos provinciais. Igualmente, temos que pular por unificar convénios provinciais
- 20 actualmente existentes en Convénios Galegos. Neste sentido, os sectores de Comercio e
- 21 Limpeza deben marcarse este obxectivo para os vindeiros catro anos. Igualmente,
- 22 temos que tentar concretar a posibilidade de acordos marcos para a Limpeza
- 23 Hospitalaría e a Limpeza Viária.
- 24
- 25 - Convénios de ámbito provincial : A responsabilidade desta negociación recae nas
- 26 Executivas Comarcais da Federación. No caso de existir máis dunha comarca na
- 27 negociación (provincias da Coruña e Pontevedra), estas comarcas deben poñerse
- 28 dacordo á hora de nomear á persoa que coordine a negociación. Debe estar garantido
- 29 sempre e en todo caso a participación de cando menos unha persoa por comarca na
- 30 negociación. Nestas negociacións estamos comprobando que en moitos casos existen
- 31 dificultades derivadas habitualmente dos diferentes ritmos que cada sector pode ter en
- 32 cada zona. É moi importante que o discurso da Federación en cada comarca sexa
- 33 sempre o mesmo, e que se teñan en conta os diferentes ritmos á hora de propoñer
- 34 mobilizacións. Neste ámbito debemos tentar facer coincidir as posíbeis mobilizacións co

1 mesmo sector noutra provincia. Sabemos que isto nos dá fortaleza negociadora, e maior  
2 capacidade de presión.

- 3
- 4 - Convénios de empresa : O tempo ten demostrado que os convénios de empresa teñen  
5 os seus aspectos positivos e os seus negativos. Por unha parte premia ás empresas máis  
6 dinámicas en canto á súa acción sindical, xa que neste ámbito é onde indiscutiblemente  
7 se atopan as mellores condicións laborais e económicas. Por outra parte, a proliferación  
8 de convénios de empresa mata a negociación sectorial, ao privala da maior forza  
9 mobilizadora. Neste sentido, e para non impedir as lexitimas aspiracións dos afiliados e  
10 afiliadas que se ven con forza para mellorar as súas condicións no seu centro de  
11 traballo, e evitar o fraccionamento da negociación, propónse canalizar estas melloras  
12 através de pactos de empresa que melloren o convénio sectorial sen desvincularse del,  
13 salvo que estean regulados por un convénio de ámbito estatal.

14

15 Como criterios xerais na negociación colectiva, e fóra de seguir a insistir na participación  
16 como mellor arma, entendemos como moi positivo a rotación de delegados e delegadas polas  
17 Mesas de Negociación, o que nos vale para difundir o noso discurso polas empresas de forma  
18 moito máis efectiva. Igualmente, e nos ámbitos provinciais e de empresa, debe existir unha boa  
19 comunicación e información cos organismos nacionais, de cara a fixar criterios comúns e  
20 posicións coesionadas en todos os ámbitos.

## 21

## 22 **6º.- DA ORGANIZACIÓN DA AFILIACIÓN**

---

23

24 Xa falamos neste documento do obxectivo de ser capaces de realizar cando menos ao  
25 longo destes catro anos asembleas comarcais abertas á afiliación que valoren o traballo  
26 efectuado polos organismos comarcais e nacionais. Fóra deste tema, desde a CIG SERVICIOS  
27 temos claro que debemos seguir a afondar na afiliación militante que participa en todos os  
28 conflitos. Este é un dos aspectos que máis caracterizan á nosa Federación en todas as  
29 comarcas, e esa debe ser a liña a seguir.

30

31 Igualmente, debemos seguir avanzando na formación interna como mellor arma para  
32 consolidar o nos proxecto. Delegados e delegadas participativas e coñecedoras do proxecto de  
33 CIG SERVICIOS, son a nosa mellor garantía para avanzar en todos os frentes de traballo, e son  
34 os e as que farán que nos consolidemos no futuro. Igualmente, temos que seguir no camiño de  
35 propoñer que as liberacións se efectuen con criterio preferente por traballadores e traballadoras



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 en excedencia na súa empresa. A garantía de retorno ao seu posto de traballo dota de maior  
2 liberdade e menores dependencias, e permite un sindicalismo máis real e achegado aos centros  
3 de traballo. Non queremos da CIG SERVICIOS un sindicato “profesionalizado”, senón un  
4 sindicato combativo no cal a afiliación decide.

5  
6 Neste apartado temos que facer referencia ao elevado número de afiliación “flutuante”  
7 que temos na actualidade. De cada 5 afiliados cada un se dá de baixa cada trimestre. A cifra  
8 global de afiliación non se resinte, porque nese mesmo trimestre de cada 5 afiliados se dan de  
9 alta 2,5 de promédio. Pero isto sí repercute no noso normal funcionamento e capacidade de  
10 autonomía e independencia económica. Se foramos capaces de reducir tan elevado número de  
11 baixas, simplemente significaría no último ano e medio 1500 afiliados e afiliadas máis dos e das  
12 que temos agora.

13  
14 Desde as comarcas debemos realizar un seguimento desta situación, coordinándonos  
15 coa estrutura comarcal da Confederación (que é a cobra as cuotas), e identificar os motivos  
16 que orixinan tan elevado número de baixas para reducilas.

## 17 18 **7º.- DA COMUNICACIÓN DA CIG SERVICIOS**

---

19  
20 Nestes últimos catro anos a comunicación da Federación deu un significativo salto coa  
21 creación da Páxina Web da Federación. Esta respostou a unha histórica demanda da nosa  
22 afiliación, en canto a poder estar informados da nosa acción sindical e negociación colectiva. A  
23 páxina web da CIG SERVICIOS aportou até o momento aspectos enormemente positivos, como  
24 a base de convénios (a máis actualizada do País, tanto de organizacións sindicais, como  
25 patronais, como mesmo administracións públicas), ou a información sobre a negociación  
26 colectiva.

27  
28 Sen embargo, entendemos que aínda non estamos a aproveitar esta ferramenta con  
29 todas as posibilidades que ofrece. Por unha banda, esixe maior esforzo por parte de todos e  
30 todas nós á hora de actualizar a información en canto a conflitos e negociación colectiva. Por  
31 outra parte, temos que contribuir moito máis á súa difusión entre a afiliación, e que esta a  
32 recoñeza como a ferramenta útil que é.

33  
34 Asimesmo, temos que desenrolar todo o relativo á intranet, espazo xa preparado na  
35 páxina e que non estamos a empregar. Nestes catro anos debemos normalizar a convocatoria



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 de organismos, actas, acordos e información através desta intranet, e darlle todo o uso que  
2 pode ter. Tamén debemos ampliar a información da páxina con aspectos tales como  
3 xurisprudencia laboral, base de empresas e eleccións sindicais, e comunicacións internas.

4  
5 A nova Executiva Nacional debe asumir máis responsabilidade nesta tarefa, nomeando a  
6 un coordinador da páxina web que faga seguimento para acadar o funcionamento necesario.  
7 Igualmente, temos que empregar as posibilidades de unificar as publicacións da CIG SERVICIOS  
8 (panfletos, Convénios, etc.), afondar na creación de páxinas de seccións sindicais, voceiros  
9 sectoriais, etc.

## 10 11 **8º.- DAS POSIBILIDADES DE FUSIÓNS CON OUTRAS FEDERACIÓNS DA CIG**

---

12  
13 No V Congreso da Confederación formou parte do debate a necesidade de proseguir coas  
14 fusiós entre Federaciós, indicándose expresamente a posíbel fusión entre a CIG SERVICIOS e  
15 a Federación da Banca, e entendendo esta como un obxectivo para estes catro anos.

16  
17 Temos que dicir que lamentábelmente esta intención expresada no papel non se  
18 correspondeu en absoluto cunha práctica orientada a tal fin. Isto é tan así que se pode dicir a  
19 día de hoxe que non existeu nunca nengún contacto entre as dúas Federaciós, nen sequer  
20 para saber da súa práctica diária, da súa acción sindical ou da súa negociación colectiva. Desde  
21 a CIG SERVICIOS estamos convencidos que unha unificación entre dúas Federaciós ten que vir  
22 obrigatoriamente precedida por un amplo periodo de coñecimento mútuo, impresindíbel para  
23 xerar a confianza necesaria e saber que problemas pode ter esa unificación na práctica  
24 organizativa.

25  
26 Temos a isto que engadir o problema expresado en todo este relatório en canto á  
27 complexidade organizativa actual da CIG SERVICIOS, e da cal distamos aínda moito de ter unha  
28 solución axeitada. Non parece polo tanto nen razoábel nen de sentido común poder nen tan  
29 sequer iniciar este debate nestes momentos. Non podemos estar a falar de organizar unha  
30 Federación con máis de 50 sectores e 200 convénios e a iso engadirlle sen máis máis sectores e  
31 máis convénios. O V Congreso da CIG SERVICIOS non é o marco para propoñer unha unificación  
32 coa CIG Banca, Aforro e Oficinas, e este debate ten que se adiar a futuros Congresos da nosa  
33 Federación.

34



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

1 Si entendemos que deste V Congreso ten que sair unha nova Executiva Nacional que  
2 inicie esa fase de contactos coa CIG Banca, de cara a establecer cando menos un coñecemento  
3 da realidade das dúas federacións e saber do funcionamento de ambas.

4

## 5 **9º.- DAS ACTIVIDADES SOCIAIS DA FEDERACIÓN**

---

6

7 Neste apartado quixemos facer unha pequena referéncia á necesidade que observamos  
8 de participar noutros aspectos non tan estritamente laborais pero que si teñen incidéncia na  
9 nos afiliación. A CIG SERVICIOS, e a sí se define nos seus estatutos *"ten como obxectivo a*  
10 *defensa dos intereses profesionais, económicos, sociais e mesmo culturais dos traballadores e*  
11 *traballadoras do sector enmarcados nos intereses e aspiracións xerais da clase traballadora e*  
12 *na loita pola súa emancipación e o Socialismo. Mesmamente a CIG-SERVIZOS asume a defensa*  
13 *dos dereitos nacionais de Galiza e a súa autodeterminación como Nación, así como, das*  
14 *liberdades individuais e colectivas e os valores democráticos que tratará sempre de profundizar*  
15 *e ampliar"*. Estes obxectivos abarcan outros non tratados neste documento, como poden ser a  
16 defensa do médio, a cultura nacional, as relacións económicas de non xerarquia, etc.

17

18 A CIG SERVICIOS entende que nestes vindeiros catro anos, o papel da Federación debe  
19 ser o de pular e axudar a outros colectivos con obxectivos análogos aos nosos na defensa do  
20 medio natural, na loita labrega, na defensa da lingua e cultura galega, na creación de empresas  
21 de economía social e fomento do cooperativismo, na loita pola nosa Soberanía Nacional, etc., e  
22 nese sentido traballaremos, sempre desde unha perspectiva de independéncia política e non  
23 seguidismo das consignas de nengunha forza política.